

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 16.05.2024 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 16 de maio de 2024, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 530 (12/POC-000024)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre as medidas da Axencia Galega de Doazón de Sangue, Órganos e Tecidos para incentivar a doazón por parte das galegas e dos galegos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 15.04.2024
- 1.2 1172 (12/POC-000176)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre o procedemento que debe seguir calquera concello para a súa adhesión ao programa Xantar na Casa e as actuacións do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para apoiar a petición do Concello de Ourense neste sentido
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024
- 1.3 2072 (12/POC-000341)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e 2 máis
Sobre a taxa actual de emancipación da mocidade galega e a relación coa súa situación laboral e a súa capacidade de acceso á vivenda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024
- 1.4 2209 (12/POC-000367)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 7 máis
Sobre a situación do servizo de ambulancias na Área Sanitaria de Vigo, as previsións da Xunta de Galicia canto ás medidas de mellora e o nivel de cumprimento dos contratos por parte das concesionarias que teñen adxudicado o servizo
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024



- 1.5 2263 (12/POC-000375)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da planificación
asistencial dos períodos estivais nos centros sanitarios de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21f2, do 03.05.2024
- 1.6 2470 (12/POC-000401)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a situación da Área Sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras canto
a recursos humanos, o estado material da UCI do Hospital de Ourense e
as medidas que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia na procura de
solucións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21f2, do 03.05.2024

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

Noelia Pérez López
Firmado digitalmente
por Noelia Pérez López
Nombre de
reconocimiento (DN):
cn=Noelia Pérez López,
email=noelia.perez.lopez
z@parlamentodegalicia.
es
Noelia Pérez López
Fecha: 2024.05.07
16:35:54 +02'00'
Presidenta da Comisión





Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 07/05/2024 16:35:54



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Noelia Pérez López	P
Vicepresidente	
Roberto Rodríguez Martínez	P
Secretaria	
Iria Carreira Pazos	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
María Elena Espinosa Mangana	S
Ariadna Fernández González	BNG
Patricia García González	P
Nicole Grueira Fernández	P
Silvia Longueira Castro	S
Armando Ojea Bouzo	M
José Alberto Pazos Couñago	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Raúl Santamaría González	P
Iago Suárez Fernández	BNG
Gonzalo Trenor López	P

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.05.2024

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.05.2024

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 530(12/POC-000024)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as medidas da Axencia Galega de Doazón de Sangue,
Órganos e Tecidos para incentivar a doazón por parte das
galegas e dos galegos

Publicación da iniciativa, 11, 15.04.2024

A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Axencia galega de doazón de sangue, órganos e tecidos (ADOS), ten como fins xerais e obxectivos básicos actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas coa doazón e o abastecemento de sangue e os seus derivados, a coordinación de transplantes de órganos e tecidos, e o procesamento e almacenaxe de células, tecidos e mostras biolóxicas humanas con fins diagnósticos, terapéuticos e de investigación.

Desde a súa creación a Axencia, xunto a xenerosidade dos galegos, consolidou a Galicia como terceira comunidade en doazóns no ano 2021, a pesar de tratarse un ano moi marcado pola pandemia.

Esta boa posición entre as outras comunidades autónomas fainos ver da xenerosidade de todos os galegos e galegas na doazón de sangue, órganos e tecidos.

A Axencia ten desenvolvido ao longo dos últimos anos diversos proxectos colaborativos, así como implantado diversas melloras internas que lle permitiron acadar un maior número de doazóns.

Malia isto, a veces as reservas de sangue sofren momentos de escaseza como o vivido o pasado mes de marzo do 2023 no que a Axencia tivo que facer un chamamento á poboación debido ós baixos niveis de sangue, o que obrigou á Consellería de Sanidade a interromper varias intervencións cirúrxicas nos hospitais públicos galegos.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas está a tomar a Axencia galega de doazón de sangue, órganos e tecidos para incentivar a doazón por parte dos galegos e galegas?



Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 12:06:06

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 12:06:24

María Sol Díaz Mouteira na data 02/04/2024 12:06:32

Patricia García González na data 02/04/2024 12:06:44

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 12:06:54

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 12:07:02

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 12:07:14

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 12:07:26

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 12:07:36



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.05.2024

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 1172(12/POC-000176)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre o procedemento que debe seguir calquera concello para a súa adhesión ao programa Xantar na Casa e as actuacións do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para apoiar a petición do Concello de Ourense neste sentido

Publicación da iniciativa, 13f2, 18.04.2024

A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago, Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O servizo de Comedor Sobre Rodas (servizo de comida no fogar) do Concello de Ourense é, segundo o artigo 4.2 da ordenanza reguladora do servizo de Axuda no Fogar, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense o 25 de novembro de 2014, un servizo complementario do SAF que, mediante persoal cualificado, subministra diariamente a comida no fogar a aquelas persoas que por a súa especial situación así o requiran, segundo a valoración da traballadora social de referencia.

Tamén en casos extraordinarios, poderán gozar do servizo outros usuarios non incluídos no SAF, sempre que mediante un informe técnico da traballadora social correspondente, se fundamente a situación de necesidade de unha persoa ou familia, e que sexa este servizo o recurso idóneo para dar resposta a situación de necesidade que presentan, este informe deberá contar co visado do/a xefe/a de servizo.

Un programa co que ademais de garantir unha alimentación equilibrada aos cidadáns que fan uso del, moitos deles persoas maiores, favorécese a súa autonomía persoal posibilitando a permanencia na súa contorna e retrasando ou evitando a súa institucionalización, ao mesmo tempo que se preveñen situacións de risco por razóns



de idade, diversidade funcional ou ausencia de apoios familiares e sociais, así como de falta de condicións adecuadas na vivenda para a preparación de alimentos.

O pasado mes de marzo o Concello de Ourense chamou aos usuarios advertíndolles que ían deixar de prestar o servizo, finalizou o día 27 de marzo, sen ofrecerlles ningunha alternativa.

Ao mesmo tempo e a través dun comunicado enviado aos medios de comunicación o goberno local anunciou a intención de transferir dito servizo á Xunta de Galicia e trasladándolle á administración autonómica toda a responsabilidade da suspensión do servizo

En base ao anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o procedemento a seguir por calquera concello galego que queira adherirse ao Programa Xantar na Casa da Xunta de Galicia?
- 2.- Que actuacións se levaron a cabo desde o Consorcio Galego de Servizos para a Igualdade e o Benestar para apoiar á petición do Concello de Ourense?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024



CSV: REXISTRO-Núm:627FS4-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 08/04/2024 13:09:37

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 13:09:51

Raquel Arias Rodríguez na data 08/04/2024 13:10:01

María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 13:10:15

Patricia García González na data 08/04/2024 13:10:29

Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 13:10:41

Roberto Rodríguez Martínez na data 08/04/2024 13:10:50

Raúl Santamaría González na data 08/04/2024 13:11:07

Gonzalo Trenor López na data 08/04/2024 13:11:16



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.05.2024

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 2072(12/POC-000341)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre a taxa actual de emancipación da mocidade galega e a relación coa súa situación laboral e a súa capacidade de acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, 17f2, 25.04.2024



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2024 11:44:08
Nº Rexistro: 2072
Data envío: 18/04/2024 11:44:08.721

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Ramón Fernández Alfonso e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a emancipación da mocidade galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á vivenda e a un traballo digno é un dereito fundamental que debe ser asentado pola administración pública. Nos días de hoxe, observamos unha negación constante e deliberada dese dereito. Tanto o acceso á vivenda como a un emprego estábel e non precario son elementos fundamentais para a emancipación e a consecución dun mínimo de estabilidade e autonomía.

A realidade actual reflicte que a mocidade galega está enfrontada á inaccesibilidade da vivenda debido á situación de precariedade laboral en que se encontra. Nos últimos tempos, esta precariedade non só non diminuíu, senón que aumentou, especialmente en ámbitos como a temporalidade laboral, o deterioro das condicións laborais e a dificultade para atopar un emprego.

Un exemplo ilustrativo desta realidade é a baixa taxa de emancipación xuvenil entre os 24 e os 29 anos, situada en aproximadamente un 15%. Isto significa que só unha pequena porcentaxe da mocidade nesa franxa de idade pode comezar a súa vida de forma independente.

Ademais, observase un proceso de xentrificación en cidades e vilas galegas, asociado á proliferación de alugueiros vacacionais, o que reduce considerablemente a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 18/04/2024 11:44:08

Nº Rexistro: 2072

Data envío: 18/04/2024 11:44:08.721

oferta de vivendas en aluguer ou venda e incrementa os prezos dos alugueiros, facéndoo inalcanzable para moitos galegos e galegas. Este modelo turístico baseado no consumo só contribúe a agravar o impacto económico que ao que a pandemia da Covid-19 contribuíu nas zonas eminentemente urbanas. Non obstante, o aumento dos prezos dos alugueiros non se debe só a este motivo. A especulación relacionada coa construción, que tiña lugar antes da crise de 2008, estendeuse á vivenda despois dese período de crise.

Na actualidade, en Galiza, hai aproximadamente 330.000 vivendas baleiras, pertencentes a entidades financeiras e particulares, mentres que atopar unha vivenda en aluguer é unha tarefa moi complicada para a mocidade e a poboación en xeral.

As políticas implementadas pola Xunta de Galiza non abordan o núcleo do problema, limitándose a ofrecer axudas insuficientes para o aluguer e a compra de vivendas, cando moitos mozos e mozas non teñen capacidade económica para mercar unha vivenda. Isto obriga á mocidade a seguir vivindo coa súa familia ou, en moitas casos a emigrar, afondando nun dos grandes males que o noso país vive desde hai décadas.

É por todo isto esencial que se desenvolvan iniciativas públicas que poñan fin á especulación e contribúan á regulación dos prezos dos alugueiros para garantir o acceso á vivenda digna. As administracións públicas deben traballar para asegurar condicións laborais dignas e facilitar a emancipación da mocidade galega.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación de imposibilidade práctica da mocidade galega para acceder a unha vivenda digna en réxime de aluguer?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2024 11:44:08
Nº Rexistro: 2072
Data envío: 18/04/2024 11:44:08.721

- Como valora a Xunta de Galiza os datos do IGE a respecto da porcentaxe de mozas entre 18 e 34 anos que ten que vivir na residencia familiar?
- Cre o Goberno galego que o acceso a unha vivenda digna en réxime de aluguer pode contribuír a fixar poboación e a reducir as taxas de emigración xuvenil?
- Que actuacións vai acometer a Xunta de Galiza para facilitar o acceso a unha vivenda digna por parte da mocidade galega?
- Entende como algo prioritario o Goberno aumentar a taxa de emancipación da mocidade galega?
- Que valoración fai o goberno galego en relación á precariedade laboral e á temporalidade que caracteriza ao mercado de traballo a nivel xuvenil?
-

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Alexandra Fernández Gómez

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 18/04/2024 10:54:48



CSM, REXISTRO-57695PmP-3

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2024 11:44:08
Nº Rexistro: 2072
Data envío: 18/04/2024 11:44:08.721

Iago Suárez Fernández na data 18/04/2024 10:54:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/04/2024 10:55:00

CSX: REXISTRO-ST695PMP-3
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.05.2024

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 2209(12/POC-000367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 7 máis

Sobre a situación do servizo de ambulancias na Área Sanitaria de Vigo, as previsións da Xunta de Galicia canto ás medidas de mellora e o nivel de cumprimento dos contratos por parte das concesionarias que teñen adxudicado o servizo

Publicación iniciativa vía urxencia, 17f2, 25.04.2024



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2024 17:18:08
Nº Rexistro: 2209
Data envío: 19/04/2024 17:18:08.200

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iria Carreira Pazos, Ariadna Fernández González, Iago Suárez Fernández e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa as medidas a tomar diante da grave situación do servizo de ambulancias da área sanitaria de Vigo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social provocada pola grave situación do servizo de ambulancias na área sanitaria de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os problemas do servizo de transporte sanitario terrestre da Área Sanitaria de Vigo son constantes e veñen de lonxe. O BNG leva anos solicitándolle á Xunta que tome medidas para solucionar os graves problemas existentes, tanto o reforzo do servizo nesta Área, porque está permanentemente colapsado, e a dotación de ambulancia é totalmente insuficientes para atender unha Área sanitaria tan ampla e con tanta poboación:

As peticións foron sistematicamente desatendidas por parte do Sergas e do 061.

Cando non se solucionan os problemas estes non fan máis que agrandarse, até chegar á situación actual na que o persoal está a denunciar a gravísima situación da





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2024 17:18:08
Nº Rexistro: 2209
Data envío: 19/04/2024 17:18:08.200

empresa Ambulancias do Atlántico, actual concesionaria do 061 en Vigo, Cangas e Moaña; e que tamén presta o servizo de transporte sanitario dos hospitais para toda a área sanitaria de Vigo.

Denuncian que a empresa está nunha crítica situación económica, consecuencia da cal está realizando impagos @s 260 traballadores/as que están a sufrir atrasos no aboamento dos seus salarios, e impagos a provedores de osíxeno medicinal empregado no tratamento de doentes durante a súa asistencia e traslado e a provedores de combustíbeis para os vehículos.

As tarxetas de pago que se empregan para a repostaxe das ambulancias deixaron de funcionar e a día de hoxe tan só poden repostar nunha gasolineira.

A gravidade da situación non é compatíbel coa falta dunha actuación decidida por parte da Xunta, non podemos permitir que a saúde e a vida da veciñanza da área sanitaria de Vigo estea permanentemente en risco.

A Xunta ten que deixar de poñer parches e actuar con contundencia

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

Que seguimento fai a Xunta de Galiza do cumprimento dos contratos coas empresas ás que lle ten adjudicado o servizo de ambulancias?

Cantas inspeccións, e en que data, lle ten realizado a Ambulancias do Atlántico?

Cal foi o resultado das mesmas?

Ten aberto algunha investigación?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2024 17:18:08
Nº Rexistro: 2209
Data envío: 19/04/2024 17:18:08.200

Considera que está garantindo unha atención axeitada as persoas que precisan transporte sanitario na Área Sanitaria de Vigo?

Coida que a concesionaria está respectando os dereitos do cadro de persoal?

Vai proceder a reforzar de inmediato o servizo de ambulancias na Área Sanitaria de Vigo, tanto con vehículos como con persoal?

Non considera preciso proceder ao rescate desta concesión, dada a gravidade da situación?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Brais Ruanova Vilas-Boas

Iria Carreira Pazos

Ariadna Fernández González

Iago Suárez Fernández

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSX4 REXISTRO-EDYmwpGaeV-7
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2024 17:18:08
Nº Rexistro: 2209
Data envío: 19/04/2024 17:18:08.200

María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2024 17:10:34

Alexandra Fernández Gómez na data 19/04/2024 17:11:29

Carmela González Iglesias na data 19/04/2024 17:12:30

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/04/2024 17:13:11

Iria Carreira Pazos na data 19/04/2024 17:13:39

Ariadna Fernández González na data 19/04/2024 17:13:43

Iago Suárez Fernández na data 19/04/2024 17:14:17

Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2024 17:14:20



CSV REXISTRO-EDYmpCaV-7

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.05.2024

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 2263(12/POC-000375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da planificación asistencial dos períodos estivais nos centros sanitarios de Vigo

Publicación da iniciativa, 21f2, 03.05.2024



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2024 12:39:35
Nº Rexistro: 2263
Data envío: 22/04/2024 12:39:35.146

Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A situación sanitaria na cidade de Vigo é deficiente. Se durante todo o ano a nefasta organización do Sergas en Vigo repercute de forma moi grave na calidade asistencial que recibe a cidadanía viguesa, no período de verán a situación vólvese aínda máis delicada.

O pasado verán, repetiuse o caos asistencial que cada ano medra á espera das decisións organizativas e ao incremento do persoal que demandan os vigueses e as viguesas.

A demanda dos usuarios do sistema público de saúde é atronadora pero son os profesionais, que sofren este caos organizativo, os que demandan solucións e incremento de persoal, os que denuncian as súas condicións de traballo e lle din á Xunta que non se trata de cobrar máis, senón de poder dar a calidade asistencial idónea nas condicións de traballo óptimas.

Durante o verán de 2023 producíronse episodios moi graves. No Centro de Saúde de Teis non se atenderon consultas pediátricas por un período importante de tempo, afectando a 3.000 nenos e nenas.

Os atrasos nas citas son crónicos e cada vez aumentan máis nas datas. As urxencias hospitalarias incrementáronse, ata cifras récord, como consecuencia da insuficiente atención nos centros de saúde. Os profesionais denuncian que estiveron ata un total de 220 horas con ausencias médicas sen cubrir no PAC.

CSM-REXISTRO-5187-JUMI-E-9
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2024 12:39:35
Nº Rexistro: 2263
Data envío: 22/04/2024 12:39:35.146

Poderíamos enumerar moitas máis situacións que se corresponden coas de todo o ano, agravadas neste período estival.

A todo isto, o Sergas contesta que o persoal “está dimensionado”. Absolutamente indignante para profesionais e usuarios que sofren as consecuencias dunha mala organización.

Por iso é necesario, novamente, reclamar solucións inmediatas, de medios materiais, de adaptación organizativa e de incremento de persoal, polo que as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego modificar a planificación sanitaria de Vigo, nos períodos estivais, tal e como demandan os profesionais sanitarios, para evitar o caos nos centros sanitarios?

Parlamento de Galicia, 22 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 22/04/2024 10:22:38

Silvia Longueira Castro na data 22/04/2024 10:22:49

Carlos López Font na data 22/04/2024 10:23:05



CSX, REXISTRO-518 Y JUMIE-9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.05.2024

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 2470(12/POC-000401)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a situación da Área Sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras canto a recursos humanos, o estado material da UCI do Hospital de Ourense e as medidas que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia na procura de solucións

Publicación da iniciativa, 21f2, 03.05.2024



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2024 17:11:47
Nº Rexistro: 2470
Data envío: 24/04/2024 17:11:47.759

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A coordinadora FIOU (Facultativos Independentes de Ourense) que aglutina máis de 400 facultativos e farmacéuticos da área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras co apoio das organizacións sindicais e do colexio de médicos de Ourense iniciaron un calendario de mobilizacións en febreiro deste ano que se manteñen un día á semana na porta principal do novo bloque do CHOU.

Esixen unha sanidade digna e denuncian que arrastran moitos anos de mala xestión por parte da xerencia, déficit de contratacións, con moitas xubilacións e unha falta de planificación das necesidades de persoal sobre todo nunha área tan envellecida como é a de Ourense.

Así mesmo, denuncian a precariedade do persoal sanitario de todas as categorías que aínda non se puido recuperar do gran esforzo da pandemia.

Solicitan realizar o seu traballo en condicións dignas porque iso repercute directamente en beneficio na atención dos doentes.

A problemática máis grave encontrámola nos servizos de Urgencias, Oftalmoloxía, Rehabilitación, UCI e Atención Primaria onde o cadro profesional traballa ao 200 %, unha situación que non se pode manter no tempo.

CSM-REXISTRO-KZL6UX9p-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csw/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2024 17:11:47
Nº Rexistro: 2470
Data envío: 24/04/2024 17:11:47.759

Os profesionais coinciden en sinalar que están atravesando unha situación crítica desde xaneiro do ano 2023, e que a Dirección do Sergas é coñecedora desta situación.

Ademais, o persoal de enfermaría e auxiliares da unidade de coidados intensivos do hospital de Ourense veñen reclamando que o Sergas arranxe as deficiencias materiais das novas instalacións que ocasiona a falta de visión dos doentes desde o control de enfermería e reclaman a quinta enfermeira, pero o Sergas fai caso omiso destas xustas reivindicacións. Nesta unidade estanse a realizar contratos de dous en dous meses, o que imposibilita afianzar profesionais nun servizo tan complexo e poñendo en risco a calidade da atención.

Tamén o servizo de rehabilitación está desbordado onde a media de espera de máis de 6.600 persoas era de 284 días, significativamente superior ao resto de hospitais e áreas sanitarias de Galicia. A Consellería de Sanidade tampouco dá resposta a esta problemática.

A coordinadora Facultativos Independentes de Ourense denuncia así mesmo unha falta de empatía a nivel humano por parte da xerencia na área e de Primaria, ademais dunha falta de busca organizada de máis persoal.

Ante esta situación crítica o Grupo Parlamentario Socialista considera urxente abordar a situación da área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras que se encontra con catro servizos ao bordo do colapso.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego da situación de colapso que padece a área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras que denuncian a coordinadora



CSX4 REXISTRO: JZLUBVX3P-6

Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2024 17:11:47
Nº Registro: 2470
Data envío: 24/04/2024 17:11:47.759

Facultativos Independentes de Ourense, as organizacións sindicais e o colexio de médicos de Ourense?

2. Que medidas pensa adoptar o Goberno galego ao respecto en cada unha dos servizos?

3. Vai arranxar as deficiencias materiais no servizo de UCI, impartir formación e contratar a quinta enfermeira no primeiro semestre de 2024?

4. Vai valorar a xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras que se fagan propostas atractivas para que máis profesionais collan contratos nesta área?

Parlamento de Galicia, 24 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/04/2024 13:43:34

Elena Espinosa Mangana na data 24/04/2024 13:43:46

Silvia Longueira Castro na data 24/04/2024 13:43:57



CSX: REGISTRO: XZLUBVX3p-6

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG

